

Expediente 18369/407**Asunto: Convocatoria para o nomeamento en comisión de servizos de Técnico de Administración Xeral.**

RESOLUCIÓN

Visto o informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, conformado polo Xerente con data 26.11.2025, fiscalizado por Intervención con data 28.11.2025, no uso das facultades que me confire o artigo 5.1.k) dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (texto íntegro publicado no BOP de 6 de outubro de 2010) e a delegación do Presidente de data 4 de xullo de 2023 (publicada no BOP de 14.07.2023),

RESOLVO:

“Primeiro.- Autorizar a provisión, mediante comisión de servizos, do posto de técnico/a de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, cos seguintes elementos (conforme a relación de postos vixente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 250 de 30.12.2020):

- * *Código:* 421.02.
- * *Denominación:* Técnico de Administración Xeral (posto non singularizado).
- * *Complemento de destino:* 26.
- * *Complemento específico:* 21.357,14 euros/ano.
- * *Grupo, escala, subescala:* A1, Administración Xeral, Técnico Superior ou cumprimento do preceptuado polo artigo 96.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- * *Titulación requirida:* grao/licenciado en dereito ou titulacións esixidas no artigo 169.2a do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- * *A efectos desta comisión de servizos:* Achegarase o currículo profesional.
- * *Duración máxima da comisión de servizos:* Un ano, prorrogable por un ano máis.

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal (ofertas de emprego), para que os funcionarios en propiedade deste Concello de Vigo interesados presenten a súa solicitude no prazo de cinco días hábiles, dirixida ó Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.”

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO E VIVENDA

DOU FE, Secretario XMU